



CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 12 de xaneiro de 2017, ás 10,26 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Mantemento básico, limpeza e apertura e peche do Pavillón Polideportivo As Lagoas" formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dña. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) D. Román Romero Franco (concelleiro delegado para asuntos de deportes), D. Francisco García Gato (Xefe de Servizos Básicos), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, procedese a lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Pedra Salgada S.L.

Neste informe asinado por D. Francisco García Gato, considérase non xustificada a proposta presentada por:

- A suma de materiais consignados resulta insuficiente coas contías que consigna para cada concepto e ademais non constan avaliados os pequenos traballos de mantemento que ten que realizar (100 horas). Tampouco contempla os custes de amortización do material que adicará ao contrato.
- No custe de persoal non indica o correturnos, so consigna a cantidade de 24.870,48 euros
- Das horas anuais máximas do contrato, 2.396 horas, o convenio de limpeza contempla unha xornada máxima anual de 1.760 horas, polo cal o correturnos debe facer 636 horas.
- Non contempla a suba do convenio nin unha posible baixa médica dos traballadores.



CONCELLO DE NARÓN

- Non contempla o custo dos seguros, vixilancia da saúde dos traballadores e os custos de roupa e calzado dos traballadores.
- O custo do persoal a maiores que adica ao contrato, resulta escaso. Os custes que adica á "Estrutura", non indica se son de estrutura interna da emmpresa ou custes de persoal adicado ao contrato.
- O resultado Ingresos menos Gastos de 1.964,58 euros resulta escaso para cubrir eventualidades como rebaixes do persoal, e aumentos de convenio.

A Mesa de Contratación, ratifica este informe e afasta do procedemento de contratación á empresa Pedra Salgada S.L., por baixa desproporcionada.

Así as ofertas que continúan en la licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios non obxectivos	Criterios obxectivos	Total
Eulen S.A.	20	37,60	57.60
Viraxes S.L.	29	48,28	77.28
Limperial S.L.	31	43.03	74.03
Limpiezas Manser S.L.	21	64.20	85.20
Limanfer S.L.	33	65	98
Arasti Barca S.L.	30	33.92	63.92
Grupo Mar S.L.	18	0.49	18.49

A vista destas puntuación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato, á empresa coa mellor oferta, segundo a puntuación dos criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, Limanfer S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta minutos minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente



CONCELLO DE NARÓN

Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "J. Blanco Suárez".

Asdo. José M. Blanco Suárez

Asdo. Alfonso de Prado Fernández Canteli

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "M. del Pilar Canzobre Mendez".

Asdo. María del Pilar Canzobre Mendez

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "Román Romero Franco".

Asdo. Román Romero Franco

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "Francisco García Gato".

Asdo. Francisco García Gato

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "Ignacio Mazaira Garro".

Asdo. Ignacio Mazaira Garro

